

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE RIANXO E UTE ARA-BEPROJECT
RELATIVO A CESIÓN DE INSTALACIONES .**

Dunha parte, D. Francisco José Rial Lorenzo, con DNI 35320750-H administrador da entidade ARA NEGOCIOS S.L. con CIF B- 94034923 e domicilio en Pontevedra, actuando en representación da **UTE ARA BEPROJECT (en diante, UTE)**, representación outorgada en escritura de constitución da citada UTE firmada en data 14 de outubro de 2024 ante Sr. Notario D. José María Rueda Pérez.

Y por outra parte, **D. JULIAN BUSTELO ABUÍN** Representante Legal de concello de Rianxo.

Ambas partes intervintes actúan na representación que ostentan, recoñecendo mutua e recíprocamente capacidade legal suficiente para a formalización do presente Convenio de Colaboración,

MANIFIESTAN

PRIMEIRO.- Que a UTE ARA BEPROJECT resultou a entidade adxudicataria pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia para o proxecto consistente no servizo , por lotes, **da impartición de accións formativas da familia de informática e comunicación dirixidas a persoas preferentemente desempregadas pertencentes a concellos de menos de 30.000 habitantes no marco do “plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola UE – Next Generation.**

Que, dito proxecto require da utilización de instalacións en diferentes ubicacións para a realización das actividades formativas: Busca e xestión da información dixital. Nivel básico (40 horas), Busca e xestión da información dixital. Nivel intermedio (40 horas), Análise da información dixital. Nivel avanzado (40 horas), Creación de contidos dixitais. Nivel básico (40 horas), Creación de contidos dixitais e programación. Nivel intermedio (40 horas), Creación de contidos dixitais e programación. Nivel avanzado (40 horas), Comunicación e colaboración con ferramentas dixitais. Nivel básico (40 horas), Comunicación e colaboración con ferramentas dixitais. Nivel intermedio (40 horas), Comunicación e colaboración con ferramentas dixitais. Nivel avanzado (40 horas), Resolución de problemas no entorno dixital. Nivel básico (40 horas), Resolución de problemas no entorno dixital. Nivel intermedio (40 horas), Resolución de problemas no entorno dixital. Nivel avanzado (40 horas), Seguridade e civismo no entorno dixital. Nivel básico (40 horas), Seguridade e civismo no entorno dixital. Nivel intermedio (40 horas), Seguridade e civismo no entorno dixital. Nivel avanzado (40 horas), Igualdade de Oportunidades (5 horas), sendo as destinatarias, preferentemente, persoas desempregadas das localizacións onde se impartirán ditas actividades formativas.

SEGUNDO.- COMPROMISO DAS PARTES .

As partes ACORDARON voluntariamente celebrar un Acordo de **colaboración para o desenvolvemento de accións formativas dirixidas a persoas preferentemente desempregadas pertencentes a concellos de menos de 30.000 habitantes no marco do “plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola UE – Next Generation”**, sendo o obxecto deste acordo formalizar o mesmo mediante o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN RELATIVO A CESIÓN DE INSTALACIONES. Para elo, os compromisos adquiridos polas partes son os seguintes:

A) Por parte da entidade cedente:

- Ceder ou por a disposición da UTE ARA-BEPROJECT as súas instalacións e recursos materiais e tecnolóxicos dos que dispoña de maneira gratuíta para o desenvolvemento do mencionado proxecto.
- Prestar a súa colaboración á UTE ARA-BEPROJECT na difusión do proxecto para localizar persoas interesadas na realización das accións formativas propostas.

B) Por parte da entidade UTE ARA-BEPROJECT:

- A xestión, execución e desenvolvemento dende a UTE ARA-BEPROJECT de todas as accións formativas, así como do cumprimento dun cronograma de actuación do cal se lle irá dando traslado á citada entidade a medida que se vaia confirmando.
- Dar un adecuado uso ás instalacións cedidas, o seu coidado e mantemento, así como á salvagarda dos seus correspondentes equipamentos, destinando todos eles exclusivamente ó uso pactado no presente acordo.
- Non ceder nin traspasar a terceiros a súa posición contractual.
- Posta a disposición da entidade cedente e dos participantes do proxecto de todos os recursos materiais e tecnolóxicos necesarios para o correcto desenvolvemento e execución do mesmo, sempre que non os cedera dita entidade.

TERCEIRO.- INSTALACIONES.

A descrición das instalacións obxecto do presente acordo de colaboración, de considerarse necesario, se especificarán en documento anexo.

CUARTO.- DURACIÓN

O presente acordo de colaboración relativo á cesión de uso das citadas instalacións terá como duración o prazo acordado entre as partes e en base á convocatoria sinalada no presente acordo. O número de cursos, a súa duración, horario e accións formativas:

ITINERARIO BÁSICO:

BUSCA E XESTIÓN DA INFORMACIÓN DIXITAL: 05-05 ao 19-05 de 2025

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAL: 20-05 ao 31-05 de 2025

COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN CON FERRAMENTAS DIXITAIS: 02-06 ao 13-06 de 2025

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS NO ENTORNO DIXITAL: 16-06 ao 27-06 de 2025

SEGURIDADE E CIDADANÍA NO ENTORNO DIXITAL: 30-06 ao 11-07 de 2025

QUINTO.- RESPONSABILIDADE

A UTE ARA-BEPROJECT faise responsable de calquera reclamación que poidan exercer as persoas físicas e/ou xurídicas en relación coa execución das accións formativas que teñan lugar nas instalacións obxecto desta cesión. Ponse en coñecemento da entidade cedente que a UTE ARA-BEPROJECT ten subscrita unha póliza de responsabilidade civil e de accidentes para facer fronte ós riscos sobre os bens e as persoas que poidan derivarse da súa intervención na participación das accións formativas.

SEXTO.-RESOLUCIÓN

O presente acordo de colaboración relativo a cesión de instalacións poderá ser resolto polas seguintes causas:

- a) Por mutuo acordo das partes, o mesmo que deberá ser expresado por escrito.
- b) Por imposibilidade de execución de contrato por razóns non imputables ás partes (caso fortuíto ou forza maior).
- c) Por incumprimento dalgunha das cláusulas do presente acordo por algunha das partes.
- d) Pola finalización da execución do proxecto de accións formativas a que está afecto o presente acordo.

SÉTIMO.- PROTECCIÓN DE DATOS

Que, no desenvolvemento das actividades sinaladas con anterioridade, a entidade que cede as súas instalacións non debería ter acceso a datos ou información de carácter persoal, de participantes, empregados/as, provedores/as ou colaboradores/as do Responsable do Tratamento de Datos. Non obstante, en caso de que incidentalmente, no desenvolvemento das súas funcións e das actividades encomendadas, dito organismo teña coñecemento por calquera medio (físico ou electrónico), ou acceda a datos titularidade do Responsable do Tratamento, deberá cumprir coas seguintes obrigas:

- Gardar confidencialidade e segredo respecto á información á que poida acceder no desenvolvemento da prestación do servizo. A obriga de confidencialidade aquí prevista, subsistirá incluso unha vez finalizada a relación de prestación de servizos.
- Non utilizar, difundir, tratar, nin empregar, en ningún modo, os datos de carácter persoal ou información confidencial á que puidera ter acceso incidental, de forma non autorizada polo Responsable do Tratamento, para finalidades alleas á prestación do servizo, nin para finalidades propias non autorizadas nin consentidas.
- Cumprir, no seu caso, coas medidas de seguridade que o Responsable do Tratamento lle puidera indicar (especialmente no referido ó tratamento documental), co obxectivo de protexer e salvagardar a confidencialidade dos citados datos e información, de conformidade ás garantías esixidas en virtude da lexislación vixente, tal e como establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro (LOPDGDD).

E, en proba da súa conformidade e para a súa debida constancia, as partes asinan o presente documento por duplicado en Rianxo a 30 de abril de 2025.

Fdo. D. Francisco José Rial Lorenzo
Rpte. Legal UTE ARA-BEPROJECT

Fdo. D. JULIAN BUSTELO ABUÍN
Rpte. Legal de Concello de Rianxo